



PARLAMENTO  
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X legislatura  
Número 298  
30 de abril de 2018



## SUMARIO

---

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

#### Rexeitamento da toma en consideración

##### **I 26808 (10/PPLC-000009)**

###### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso [96408](#)

##### **I 27973 (10/PPLC-000010)**

###### Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, de modificación do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social [96408](#)

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.5. Mocións

#### Rexeitamento da iniciativa

##### **I 29390 (10/MOC-000082)**

###### Grupo Parlamentario de En Marea

###### Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación da atención sanitaria polo Sergas na Área de Xestión Sanitaria da Coruña (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28365, publicada no BOPG nº 284, do 27.3.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.4.2018) [96408](#)

##### **I 29398 (10/MOC-000083)**

###### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

###### Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27661, publicada no BOPG nº 280, do 21.3.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.4.2018) [96409](#)

##### **I 29421 (10/MOC-000084)**

###### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

###### Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28372, publicada no BOPG nº 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018) [96409](#)

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **Aprobación sen modificacións**

###### **I 22812 (10/PNP-001678)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025 [96409](#)

##### **Aprobación con modificacións**

###### **I 28519 (10/PNP-002062)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal [96410](#)

##### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

###### **I 28162 (10/PNP-002023)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidera ter dado unha situación de discriminación [96410](#)

##### **Rexeitamento da iniciativa**

###### **I 24309 (10/PNP-001759)**

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande [96411](#)

**I 26168 (10/PNP-001846)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova [96411](#)

**I 27429 (10/PNP-001959)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos [96411](#)

**I 28139 (10/PNP-002021)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional [96412](#)

**I 28925 (10/PNP-002096)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza [96412](#)

**1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión****COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO****Retirada iniciativa en comisión****I 27358 (10/PNC-002117)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en relación coa posibilidade de inclusión das novas tecnoloxías de control da diabetes *mellitus* na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde [96412](#)

**Aprobación por unanimidade con modificacións****I 18697 (10/PNC-001516)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis**

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas públicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional [96413](#)

## **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

### **I 27154 (10/PNC-002097)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver as deficiencias estruturais e as carencias de persoal existentes no centro de saúde de Pazos de Borbén [96413](#)

## **Rexeitamento da iniciativa**

### **I 8621 (10/PNC-000908)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas [96414](#)

### **I 28476 (10/PNC-002242)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a dotación polo Goberno galego no ano 2018 das infraestruturas e dos medios humanos e materiais necesarios para a residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, para corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias [96414](#)

### **I 28714 (10/PNC-002264)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias que presentan en materia de infraestruturas e dotación de persoal os centros de atención primaria da comarca do Condado-Paradanta, e, en particular, o centro de saúde de Pontearreas [96414](#)

### **I 28724 (10/PNC-002265)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en coordinación co Comité de Empresa da Consellería de Política Social, en relación coa Residencia de Maiores de Pontevedra [96415](#)

**COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO****Aprobación por unanimidade con modificacións****I 27969 (10/PNC-002177)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, a través da Axencia de Turismo de Galicia, dun proxecto para o estudo e a posta en marcha de plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto [96415](#)

**Rexeitamento da iniciativa****I 25554 (10/PNC-001975)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repercusión na factura eléctrica da cidadanía dos suplementos territoriais polos tributos medioambientais propios da Comunidade Autónoma [96416](#)

**I 27222 (10/PNC-002106)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pérez Seco, José Manuel e tres deputados/as máis**

Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos [96416](#)

**I 27962 (10/PNC-002174)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre a remisión pola Xunta de Galicia aos grupos parlamentarios dun informe desagregado respecto das axudas e subvencións concedidas, así como dos convenios de colaboración subscritos con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009 [96416](#)

**I 27985 (10/PNC-002183)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o control polo Estado da xestión da rede de distribución de electricidade [96416](#)

**2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento****2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos****2.2.7. Composición das ponencias**

Designación da Ponencia que se encargará de redactar o proxecto de ditame da Comisión. [96417](#)

### **2.2.9. Composición dos grupos parlamentarios**

Acordo da Mesa do Parlamento do 26 de abril de 2018, polo que se toma coñecemento da solicitude de integración no G.P. de En Marea do deputado D. Xoán Hermida González [96417](#)

## **1. Procedementos parlamentarios**

### **1.1. Procedementos de natureza normativa**

#### **1.1.2. Propostas de normas**

##### **1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados**

O Pleno do Parlamento, na sesión do 24 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### **Rexeitamento da toma en consideración**

- 26808 (10/PPLC-000009)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, para o impulso da electricidade como un ben público e de garantía no seu acceso

BOPG nº 268, do 28.02.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 31 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

- 27973 (10/PPLC-000010)

Grupo Parlamentario de En Marea

Proposición de lei, para a súa remisión ao Congreso dos Deputados, de modificación do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social

BOPG nº 279, do 20.03.2018

Sometida a votación, obtense o resultado de 31 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

### **1.3. Procedementos de control e impulso**

#### **1.3.5. Mocións**

#### **Rexeitamento da iniciativa**

- 29390 (10/MOC-000082)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa prestación da atención sanitaria polo Sergas na Área de Xestión Sanitaria da Coruña (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28365, publicada no BOPG nº 284, do 27.3.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.4.2018)

BOPG nº 293, do 18.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 29 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.



- 29398 (10/MOC-000083)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27661, publicada no BOPG nº 280, do 21.3.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.4.2018)

BOPG nº 293, do 18.04.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 3º: rexeitado por 22 votos a favor, 36 votos en contra e 6 abstencións.

Resto dos puntos: rexeitados por 29 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

- 29421 (10/MOC-000084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas deficiencias existentes nos servizos de urxencias dos centros hospitalarios do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 28372, publicada no BOPG nº 284, do 27.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 10.04.2018)

BOPG nº 293, do 18.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 28 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.

### **1.3.6. Proposicións non de lei**

#### **1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno**

##### **Aprobación sen modificacións**

- 22812 (10/PNP-001678)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia do Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, así como o inicio, en colaboración co sector, da elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte en 2025

BOPG nº 247, do 25.01.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 38 votos a favor, 11 votos en contra e 19 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a desenvolver o Plan estratéxico da conserva, horizonte 2020, que recolla as liñas principais para asegurar a competitividade e viabilidade do noso

sector cara ao futuro, así como a iniciar, da man do sector, a elaboración e redacción do Plan estratéxico do conxelado, co horizonte posto en 2025 e centrando os obxectivos da competitividade deste eido produtivo para determinar as oportunidades que se abren neste sector e fortalecer as liñas de traballo que permitan a expansión da produción e a obtención de maior valor engadido para os nosos produtos».

### **Aprobación con modificacións**

- 28519 (10/PNP-002062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Arias, Marta e oito deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da posta en marcha, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos, da tarxeta social universal

BOPG nº 287, do 04.04.2018

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, por 51 votos a favor, 17 votos en contra e ningunha abstención.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

1. Demandar a inmediata posta en marcha da tarxeta social de carácter universal, en coordinación coas comunidades autónomas e os concellos no marco das súas competencias, a fin de que os cidadáns e cidadás poidan beneficiarse, coa maior brevidade, das vantaxes inherentes a ela.

2. A tarxeta social configurarase como instrumento técnico básico de transparencia e coordinación, que permitirá recoller o conxunto da información relevante, co obxectivo de facilitar e axilizar as xestións necesarias.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 28162 (10/PNP-002023)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para solicitar do Goberno central a modificación das bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir a inclusión de cláusulas de non-discriminación polo exercicio de dereitos laborais por razón de maternidade e a revisión de procedementos administrativos firmes e non firmes onde se puidera ter dado unha situación de discriminación

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 68 deputados e deputadas presentes

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a dirixirse ao Goberno central para:

1. Modificar as bases das convocatorias dos organismos autónomos adscritos ao Sistema nacional de saúde para garantir que se inclúan nas bases de contratación, dos concursos públicos e bolsas de investigación, cláusulas de non-discriminación polo exercicio dos dereitos laborais recoñecidos legalmente por razón de maternidade, de igual forma que se fai xa actualmente no Espazo Europeo.
2. Iniciar procesos de revisión de procedementos administrativos firmes onde se producisen esta clase de discriminacións para revogar de oficio as situacións xurídicas individualizadas nas que xa se teña vulnerado, como no caso de María de la Fuente, o dereito á igualdade polo simple exercicio dos dereitos laborais no período de valoración curricular.
3. Recoñecer, en procedementos administrativos ou xudiciais non firmes, a situación de discriminación producida e recoñecer as pretensións de tratamento.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 24309 (10/PNP-001759)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa suba das tarifas das peaxes da AP-9 prevista para o ano 2018 con motivo das obras de ampliación da autoestrada na ponte de Rande

BOPG nº 255, do 07.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 26168 (10/PNP-001846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego das actuacións necesarias para acadar, antes do remate de 2018, a gratuidade do transporte público regular de viaxeiros por estrada competencia da comunidade autónoma para as persoas mozas, en condicións semellantes, cando menos, ás da Tarxeta Xente Nova

BOPG nº 264, do 21.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 27429 (10/PNP-001959)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e dous deputados/as máis

Sobre a presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia, antes do remate do primeiro período de sesións de 2018, dun informe respecto da aplicación, durante o curso 2016-2017, do I

Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como das modificacións necesarias para a consecución dos seus obxectivos

BOPG nº 276, do 14.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 28139 (10/PNP-002021)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para incrementar a contía do Fondo extraordinario, perceptores subsidios e pensións non contributivas, e solicitar do Goberno central o incremento das pensións non contributivas ata a contía equivalente ao salario mínimo interprofesional

BOPG nº 284, do 27.03.2018

Sométese a votación por puntos e o resultado é o seguinte:

Punto 1: rexeitado por 30 por votos a favor, 37 votos en contra e ningunha abstención.

Punto 2: rexeitado por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

- 28925 (10/PNP-002096)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a solicitude polo Goberno galego da mediación e arbitraje do Consello Galego de Relacións Laborais na negociación entre a Xunta de Galicia e o comité de folga do persoal da Administración de xustiza

BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 30 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

### **1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión**

#### **COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 26 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### **Retirada iniciativa en comisión**

- 27358 (10/PNC-002117)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar a Xunta de Galicia no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en relación coa posibilidade de inclusión das novas tecnoloxías de control da diabetes *mellitus* na carteira de servizos do Sistema Nacional de Saúde  
BOPG nº 276, do 14.03.2018

### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 18697 (10/PNC-001516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas públicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional  
BOPG nº 194, do 17.10.2017

Sométese a votación a transacción coa emenda do G. P. Popular de Galicia, doc. núm. 27036, e resulta aprobada pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado, con modificacións respecto do texto orixinal, é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Crear o Consello Galego da Infancia e a Adolescencia, como órgano participativo que canalice e represente a opinión e a experiencia dos nenos e nenas galegos.
2. Crear, no primeiro semestre de 2018, o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, como órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións en materia de familia e de infancia.
3. Que tanto no Observatorio coma no Consello se teñan en conta as seguintes liñas de traballo, sendo prioritaria a promoción da participación infantil: a igualdade de xénero, a situación da pobreza en Galicia e no mundo e a preocupación polo medio ambiente.
4. Fomentar o desenvolvemento da participación da infancia e a adolescencia en consellos locais, de acordo coa Fegamp, prestando especial interese ao fomento da participación de nenos e nenas con diversidade funcional en igualdade de condicións.»

### **Aprobación por unanimidade sen modificacións**

- 27154 (10/PNC-002097)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para resolver as deficiencias estruturais e as carencias de persoal existentes no centro de saúde de Pazos de Borbén  
BOPG nº 272, do 07.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

— Dotar do persoal necesario o centro de saúde de Pazos de Borbén para poder atender de xeito eficaz a demanda da poboación.

— Realizar as obras de reforma e ampliación necesarias para adaptar o centro de saúde.»

### **Rexeitamento da iniciativa**

- 8621 (10/PNC-000908)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de evitar o peche de camas e a derivación de doentes á sanidade privada, durante os meses de verán, nos centros hospitalarios do Sergas

BOPG nº 112, do 10.05.2017

Sométese a votación xunto coas emendas dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia e de En Marea, docs. núm. 30006 e núm. 30008, respectivamente, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28476 (10/PNC-002242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis

Sobre a dotación polo Goberno galego no ano 2018 das infraestruturas e dos medios humanos e materiais necesarios para a residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra, para corrixir as deficiencias existentes e mellorar a atención ás persoas usuarias

BOPG nº 287, do 04.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28714 (10/PNC-002264)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas carencias e deficiencias que presentan en materia de infraestruturas e dotación de persoal os centros de atención primaria da comarca do Condado-Paradanta, e, en particular, o centro de saúde de Pontearreas

BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación xunto coa emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, doc. núm. 30059, e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 28724 (10/PNC-002265)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia, en coordinación co Comité de Empresa da Consellería de Política Social, en relación coa Residencia de Maiores de Pontevedra  
BOPG nº 289, do 11.04.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

#### **COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO**

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 26 de abril de 2018, adoptou os seguintes acordos:

#### **Aprobación por unanimidade con modificacións**

- 27969 (10/PNC-002177)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, a través da Axencia de Turismo de Galicia, dun proxecto para o estudo e a posta en marcha de plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto  
BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver, a través da Axencia de Turismo de Galicia, un proxecto para estudar e poñer en marcha plantacións de frondosas autóctonas nas marxes do Camiño de Santiago.
2. Implicar neste proxecto a toda a industria forestal de Galicia, escolas forestais universitarias, centros educativos das zonas polas que discorre o Camiño, asociacións de defensa da natureza, etc.
3. Desenvolver pezas didácticas sobre cultura e patrimonio forestal destinadas aos peregrinos, así como información sobre as especies e ecosistemas que rodean o Camiño de Santiago.»

## Rexeitamento da iniciativa

- 25554 (10/PNC-001975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e dous deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa repercusión na factura eléctrica da cidadanía dos suplementos territoriais polos tributos medioambientais propios da Comunidade Autónoma

BOPG nº 260, do 14.02.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 27222 (10/PNC-002106)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e tres deputados/as máis

Sobre o arranxo polo Goberno galego das deficiencias detectadas no Camiño de Santiago ao seu paso polo concello de Monforte de Lemos

BOPG nº 276, do 14.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 27962 (10/PNC-002174)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a remisión pola Xunta de Galicia aos grupos parlamentarios dun informe desagregado respecto das axudas e subvencións concedidas, así como dos convenios de colaboración subscritos con diversas empresas do sector da automoción, desde o ano 2009

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 27985 (10/PNC-002183)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para o control polo Estado da xestión da rede de distribución de electricidade

BOPG nº 280, do 21.03.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 4 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª



## **2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento**

### **2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos**

#### **2.2.7. Composición das ponencias**

##### **Designación da Ponencia que se encargará de redactar o proxecto de ditame da Comisión**

A Comisión especial de estudo e análise das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia, avaliando a experiencia acumulada dende 2006 e, especificamente, a extraordinaria vaga de lumes que vén de sufrir Galicia en outubro de 2017, na súa sesión do día 27 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Designación da Ponencia que se encargará de redactar o proxecto de ditame da Comisión.

- 20218 (10/SCNP-000008)

G. P. Popular de Galicia (P):

Don José González Vázquez (titular)

Don Silvestre José Balseiros Guinarte (suplente)

G. P. de En Marea (EM):

Don David Rodríguez Estévez (titular)

Dona Paula Quinteiro Araujo (suplente)

G. P. dos Socialistas de Galicia (S):

Don Xaquín Fernández Leiceaga (titular)

Don José Antonio Quiroga Díaz (suplente)

G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don José Luis Rivas Cruz (titular)

Don Xosé Luis Bará Torres (suplente)

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

#### **2.2.9. Composición dos grupos parlamentarios**

##### **Acordo da Mesa do Parlamento do 26 de abril de 2018, polo que se toma coñecemento da solicitude de integración no G.P. de En Marea do deputado D. Xoán Hermida González**

A Mesa do Parlamento, na reunión do 26 de abril de 2018, vista a solicitude do deputado de integrarse no G. P. de En Marea (doc. núm. 30061) e tendo en conta a aceptación do seu portavoz (doc.

núm. 30060), conforme o disposto no artigo 25 do Regulamento do Parlamento de Galicia tomou coñecemento da referida incorporación.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2018  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**


### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**

## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**



PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727